

Cuestión teórica nº 13

O cambio dinástico e a guerra de Sucesión (causas da guerra, bandos en conflito, a paz de Utrecht).

Nesta pregunta o alumnado deberá demostrar que coñece as razóns explicativas da Guerra de Sucesión e a súa cronoloxía; a configuración xeral dos bandos enfrontados tanto a nivel internacional como dentro dos territorios peninsulares da monarquía hispánica (dimensión interna deste conflito); a chegada da paz e as principais consecuencias políticas, territoriais e económicas da sinatura do Tratado de Utrecht.

A resposta básica debe incidir nas seguintes cuestións:

- A causa explicativa da Guerra de Sucesión
- Configuración e apoios dos bandos enfrontados
- Os acordos de paz e as súas consecuencias máis relevantes

Para ter cualificación de notable ademais de facer referencia ás cuestións básicas, debe explicar cunha certa profundidade polo menos unha delas. Para sobresaliente, ademais de facer referencia ás cuestións básicas, debe afondar nunha ou explicar con certa profundidade polo menos dúas delas.

En 1700, o derradeiro monarca da casa dos Austria, **Carlos II**, morreu sen descendencia. Os candidatos para ocupar o trono, polos seus vínculos familiares, eran fundamentalmente **Filipe d'Anjou**, neto de Lois XIV de Francia e da princesa española María Teresa de Austria, e o **arquiduque Carlos de Habsburgo**, fillo do emperador de Austria. O testamento de Carlos II designaba como o seu sucesor o candidato Borbón, que foi proclamado rei baixo título de Filipe V.

O nomeamento do novo monarca provocou un **conflicto grave para o equilibrio entre as diferentes potencias europeas**. O seu acceso ao trono español fortalecía o poder dos Borbón en Europa e, rapidamente, **Gran Bretaña, Holanda e Portugal declaráronlle o seu apoio ao candidato austríaco e entraron en guerra contra Francia e España**. Deste xeito, a sucesión ao trono español pasou de ser un conflito interno a un **grave problema de política internacional**.

No **interior de España** a cuestión sucesoria tamén dividiu os territorios peninsulares. **Castela amosouse fiel a Filipe V**, coa excepción de parte da gran nobreza, temerosa de perder influencia ante o absolutismo borbónico. Pola contra, **na Coroa de Aragón**, especialmente en Valencia e Cataluña, **o apoio ao candidato austríaco foi maioritario**. Diversos eran os motivos deste apoio: o mal recordo deixado polas tropas francesas en Cataluña durante o levantamento de 1640 e o temor das institucións a perder o seu poder ante as tendencias centralizadoras e uniformizadoras da nova monarquía. O enfrontamento entre os dous candidatos ao trono derivou nunha **guerra civil**, que se desenvolveu durante case unha década.

En setembro de 1701 asinouse o **Tratado da Haia, que deu lugar ao nacemento da segunda Grande Alianza**, formada polo Sacro Imperio, Inglaterra, Holanda, Prusia e a maioría dos estados alemáns, para facerlles fronte a Lois XIV de Francia e a Filipe V de España. O reino de Portugal e o Ducado de Savoia uníronse á Grande Alianza en maio de 1703. Os **primeiros enfrontamentos** producíronse nos territorios austríacos fronteirizos con Francia e nas posesións españolas e francesas en Italia. **Os dous contendentes estaban bastante equilibrados e a guerra prolongouse sen resultados claros**.

En España, os exércitos de Filipe V controlaron, nun principio, a maioría do territorio, coa excepción das ofensivas austríacas e dos ataques por mar da armada inglesa, que chegou a ocupar **Xibraltar** en 1704. No entanto, en 1705 a situación deu unha viraxe. En Cataluña, os sectores partidarios do candidato austríaco asinaron o chamado **pacto de Xénova** dando apoio á causa austríaca. A rebelión espallouse e en agosto unha gran flota comandada por **Carlos de Austria desembarcou en Barcelona**. Tras cercar e bombardear a cidade, as autoridades borbónicas rendéronse e o 9 de outubro o arquiduque entrou na cidade.

A partir dese momento a causa austríaca imponse non só en Cataluña senón en gran parte de Aragón, Valencia e as Baleares. **As tropas austríacas chegaron a alcanzar Madrid e Carlos proclamouse rei**, aínda que abandonou axiña a capital, onde nin a nobreza nin o pobo lle amosaron o seu apoio. En 1707, un exército anglo-luso-holandés enfrontouse ás tropas de Filipe V na **batalla de Almansa**. A vitoria borbónica foi incontestable, os austríacos retiráronse e Filipe V avanzou e recuperou Aragón, Valencia e parte de Cataluña, aínda que os enfrontamentos continuaron ata 1710.

En 1711, un feito cambiou o curso dos acontecementos: o 17 de abril morreu o emperador de Austria, Xosé I, e ocupou o trono o arquiduque Carlos. Daquela o perigo para o equilibrio europeo constituía un Habsburgo no trono de ambos os dous reinos. Os ingleses propiciaron negociacións e manifestaron o seu interese en recoñecer Filipe V como rei de España, **con expresa renuncia aos seus dereitos á Coroa de Francia**. A paz entre os contendentes asinouse nos **Tratados de Utrecht**, en 1713, e **Rastatt**, en 1714, pero a cambio de **importantes concesións a Austria, que quedou co Milanesado, Flandres, Nápoles e Sardeña, a Gran Bretaña, que recibiu Xibraltar e Menorca, xunto con privilexios comerciais coa América española, e a Savoia, que recibiu Sicilia**.

En 1713, cando se asinou o Tratado de Utrecht, unicamente resistían Barcelona, algunhas outras cidades de Cataluña e as Baleares. Abandonadas polo arquiduque Carlos, as Cortes catalás, reunidas en Barcelona, decidiron loitar contra

os exércitos borbónicos, que cercaron durante meses a cidade. **O 11 de setembro de 1714, as tropas de Filipe V tomaron Barcelona e en 1715 ocuparon Mallorca.**